



ESCOLAS DEPORTIVAS E CULTURAIS. CURSO 2025 - 2026
SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DE DATOS

NOME E APELIDOS DO SOLICITANTE			
DNI	TELÉFONO	DATA DE NACEMENTO	
CORREO ELECTRÓNICO			
ENDEREZO			
ACTIVIDADES SOLICITADAS PARA PARTICIPAR (PERSONA SOLICITANTE)			

NO CASO DE QUE NON SEXA A MESMA PERSOA QUE A SOLICITANTE

PERSOA/S QUE QUERE MODIFICAR A SÚA INSCRICIÓN

ACTIVIDADE/S na que solicita a BAIXA		

ACTIVIDADE/S na que solicita a ALTA		

Melide _____ de _____ de 20____

Asdo: _____

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS - ACTIVIDADES DE OCIO, CULTURA E DEPORTES

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámolo de que o responsable de tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Melide, co enderezo na praza do Convento, N°5, 15800 - Melide (A Coruña; correo@concellodemelide.gal).

1.-FINALIDADE DO TRATAMENTO. Os datos serán utilizados para facelo partícipe da actividade promocionada descrita na presente solicitude, así como a xestión administrativa derivada desta.

O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supor a imposibilidade de inscribilo na actividade solicitada no Concello de Melide.

Uso de fotografías. Co fin de promover as actividades organizadas polo Concello, gustaríanos que nos autorizase para utilizar as súas fotografías nas nosas RRSS, páxina web www.concellodemelide.gal, escaparate expositor... Por favor, marque o cadro que se axuste aos permisos que quere darnos:

- ☐ Si, dou o meu consentimento para que se publiquen as miñas fotografías e a do meu fillo/s de ser o caso a través das redes sociais/web/escaparate mencionado.
- ☐ Non dou o meu consentimento para que se publiquen as miñas fotografías nin as do meu fillo/s (de ser o caso) a través das redes sociais/web/escapara te mencionado.

Boletín informativo. Coa finalidade de favorecer a participación nas actividades organizadas polo Concello, gustaríanos que nos autorizase para incorporar os seus datos a unha base de datos de participantes co obxecto de enviarlle información sobre esta actividade no futuro ou sobre outras actividades semellantes a través de correo electrónico ou do sistema de mensaxería instantánea de Whatsapp:

- ☐ Si, dou o meu consentimento para que me sexa enviada información sobre esta actividade ou sobre outras actividades semellantes no futuro a través de correo electrónico ou do sistema de mensaxería instantánea de Whatsapp.
- ☐ Non dou o meu consentimento para que me sexa enviada información sobre esta actividade ou sobre outras actividades semellantes no futuro a través de correo electrónico ou do sistema de mensaxería instantánea de Whatsapp.

Prazo de conservación. Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión destes e, en calquera caso, mentres non transcorrese o prazo de prescrición de posibles accións de responsabilidade derivadas do tratamento.

2.- LEXITIMACIÓN. Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa sinatura da presente circular.

3.- DESTINATARIOS DE CESIÓN. Os datos facilitados poderán ser obxecto de cesión a terceiros para o cumprimento de funcións directamente relacionadas ós fins lexítimos do negociado de ocio, cultura e deportes do Concello e, en particular, poderán ser comunicados ás seguintes entidades:

- Empresas, provedores e entidades sen ánimo de lucro (fundacións, asociacións, ONG's...) colaboradoras do Concello de Melide directamente relacionadas coa prestación dos servizos propios deste Concello.
- Empresa contratada para desenvolver a actividade, coa intención única de prestar o servizo para o que se lle contratou.
- Concellos distintos do Concello de Melide, Administración pública autonómica, Sergas ou calquera organismo público directamente relacionado coa Administración pública local.
- Forzas e corpos de seguridade do Estado, policía local, servizos de emerxencia, servizos sociais, servizos de saúde e benestar coa finalidade de prestar unha atención integral aos usuarios/as.
- Órganos xurisdicionais, en orde a manter unha cooperación e coordinación axeitada coa Administración de Xustiza

4.- DEREITOS. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como oporse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade destes.

O Concello de Melide dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios nas nosas instalacións ou por correo electrónico en correo@concellodemelide.gal, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Se considera que non atendemos correctamente os seus dereitos, poderá formular unha reclamación ante a Agencia Española de Protección de datos, a través das seguintes vías:

- Sede electrónica: www.aepd.es
- Correo postal: C/ Jorge Juan 6, 28001 —Madrid
- Teléfono: 901 100 099 - 91 266 35 17

NOME E APELIDOS: _____

DNI: _____

SINATURA: